

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 16 de abril de 2008 pola que se convoca concurso de selección de entidade financeira para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios das axudas por xubilación anticipada previstas no Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Regulamento (CE) nº 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, que substitúe ao Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP), e define o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro no período 2007-2013.

Este fondo comunitario establece unha serie de medidas socioeconómicas de acompañamento á reestruturación das frotas pesqueiras comunitarias. Estas medidas teñen como obxectivo garantir que os traballadores poidan dispoñer de ferramentas axeitadas para adaptarse aos cambios sociais que se están a producir no ámbito pesqueiro, así como dispoñer de mecanismos que permitan paliar os problemas familiares que implican a perda do posto de traballo polos axustes da frota pesqueira e a necesidade de atopar alternativas fóra do sector.

Entre as medidas socioeconómicas previstas contéplase a saída anticipada do sector pesqueiro e, neste contexto, a medida de xubilación anticipada. Esta mesma medida estaba contemplada no Regulamento nº (CE) 2792/1999, polo que se regulaba o IFOP, e a súa posta en marcha e posterior aplicación puxo en evidencia a súa complexidade, particularmente a referida ao necesario establecemento dun mecanismo que asegurase a percepción regular e periódica da axuda, que, habitualmente, se prolonga durante unha serie de anos, ata que o beneficiario cumpre a idade legal de xubilación.

A solución acadada finalmente coas axudas por xubilación anticipada, regulada no período de vixencia do IFOP, foi a súa instrumentación a través dunha entidade colaboradora, de acordo cos principios marcados no, entón vixente, Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A eficacia da solución mencionada recomenda a utilización deste sistema de instrumentación das axudas á xubilación anticipada, financiadas polo Fondo Europeo da Pesca e, eventualmente, polas axudas de estado ou de minimis que se poidan aprobar.

Tendo en conta o estipulado no artigo 13.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, relativo á selección de entidades colaboradoras que sexan persoas suxeitas ao dereito privado, mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non-discriminación, convócase un concurso público para proceder á dita selección.

Por todo o exposto e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócase concurso público de selección dunha entidade financeira que oferte o servizo de cálculo e posta á disposición dos beneficiarios das axudas por xubilación anticipada que se poidan aprobar pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, así como o seguimento do mantemento por parte do beneficiario das condicións que deron lugar á concesión da axuda.

A entidade seleccionada terá o carácter de entidade colaboradora de acordo co previsto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co previsto no dito artigo 9, os fondos entregados para a súa distribución entre os beneficiarios das axudas en ningún caso se considerarán integrantes do patrimonio da entidade colaboradora.

Artigo 2º.-*Criterios de selección da entidade colaboradora.*

Para os efectos da selección aplicarase o disposto nos artigos 3 e 6 desta orde.

Artigo 3º.-*Condicións que debe cumprir a entidade colaboradora.*

A entidade colaboradora deberá cumprir, como mínimo, as seguintes condicións:

Primeira.-A entidade colaboradora seleccionada deberá comprometerse a subscribir coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos un convenio de colaboración, que terá como mínimo as condicións establecidas na seguinte condición.

Segunda.-A entidade colaboradora realizará as seguintes funcións:

a) Os cálculos das prestacións a que o beneficiario tería dereito ata cumprir a idade regulamentaria de xubilación, tendo en conta variables como prestación e subsidio por desemprego, cotas do convenio especial coa Seguridade Social e coeficientes reductores. Con base nestes datos, realizará o correspondente estudo de prexubilación por cada beneficiario.

b) O recálculo de todos aqueles expedientes en que, posteriormente á realización da valoración sinalada no parágrafo anterior, se produza algunha variación con respecto aos datos inicialmente presentados.

c) Elaborar un informe trimestral e anual, que entregará á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, en que se indique a evolución dos fondos administrados, no cal figurarán os pagamentos efectuados e os pendentes, individualizados por cada un dos beneficiarios prexubilados e un resumo deles.

d) Realizar a petición anual de fe de vida dos beneficiarios.

e) Pedir unha vez ao ano copia do comprobante do último pagamento realizado polo beneficiario ao convenio especial coa Seguridade Social.

f) Levar a cabo unha revisión anual dos cálculos da axuda por beneficiario, para contrastar que as circunstancias e as bases dos cálculos que se tiveron en conta no momento da concesión da axuda non sufriron variación.

g) Proceder ao ingreso na conta operativa do tesouro da Comunidade Autónoma das cantidades que, por diversas circunstancias, particularmente o falecemento do beneficiario, non deban ser aboadas.

h) A Xunta de Galicia, directamente ou pola empresa auditora que designe, poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere oportunas sobre todas as circunstancias relacionadas coas axudas concedidas. O financiamento das auditorías levarase a cabo de acordo co establecido no convenio de colaboración mencionado na condición primeira.

i) A entidade colaboradora designará un coordinador para a aplicación do convenio de colaboración, que será o órgano de relación da entidade coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Terceira.-A entidade colaboradora, para os efectos de conseguir unha maior axilidade no cumprimento das condicións anteriormente citadas, deberá achegar unha consultora actuarial e de pensións que estará obrigada á realización dos cálculos mencionados nas alíneas a) e b) da cláusula segunda.

Ademais, a entidade colaboradora deberá contar cun número de oficinas suficientes no territorio da comunidade autónoma galega, de tal xeito que todos os beneficiarios teñan algunha próxima ao seu domicilio. Se non conta cun número de oficinas suficientes, no momento en que saia seleccionada a súa oferta deberá proceder á súa apertura.

Artigo 4º.-*Retribución.*

De acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade colaboradora poderá percibir unha retribución que, como máximo poderá acadar o 3,88% do importe da axuda individual por beneficiario e que será aboada directamente pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. A dita retribución servirá para que a entidade colaboradora poida remunerar os servizos da consultora actuarial prevista na cláusula terceira, do coordinador da cláusula segunda, alínea j), así como os seus propios.

Artigo 5º.-*Financiamento da retribución.*

O financiamento da retribución da entidade colaboradora incluírase no convenio de colaboración que se asine entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a dita entidade, imputándose á aplicación orzamentaria 14.03.723A.780.0 a través da cal se financian as axudas socioeconómicas.

Artigo 6º.-*Criterios de selección.*

Establécense como criterios de selección os seguintes:

1. Prezo da retribución: de 0 a 30 puntos por proporcionalidade inversa, acadando a maior puntua-

ción o menor prezo ofertado, e valorando o resto das ofertas con base nunha regra de tres. Neste senso, enténdese como prezo da retribución a retribución mencionada no artigo 4.

2. Experiencia que poida acreditar a consultora de pensións que se achega por parte da entidade colaboradora en operacións similares: de 0 a 25 puntos.

3. Claridade do modelo que se presente como exemplo de procedemento e cálculos para incorporar os datos de pagamentos previstos por desemprego, cotas do convenio especial e Seguridade Social: de 0 a 30 puntos.

4. Melloras propostas polo ofertante, que poderán ser aceptadas ou rexeitadas e avaliadas libremente pola comisión de avaliación: de 0 a 15 puntos.

Artigo 7º.-*Comisión de avaliación.*

1. As ofertas serán avaliadas por unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, quen, de non considerar necesaria máis documentación, emitirá un informe co resultado da selección das ofertas achegadas.

2. A composición da comisión avaliadora será a seguinte:

a) Presidente/a: director/a xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

b) Vogais: subdirector/a xeral de Estruturas Pesqueiras, un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca designado polo presidente e o/a xefe/a do Servizo de Frota.

Un dos vogais da comisión actuará como secretario.

3. A comisión avaliadora poderá traballar asistida dos asesores que considere conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

Artigo 8º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no concurso deberán dirixirse ao director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

2. O prazo para a súa presentación será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Xunto coas solicitudes deberase presentar a seguinte documentación:

a) documentación acreditativa que a entidade financeira considere oportuno entregar para a valoración dos puntos establecidos no artigo 6.

b) oferta en canto a prezo e sistema de xestión indicado no artigo 4.

c) compromiso de cumprimento das condicións establecidas no artigo 3, no caso de ser seleccionada.

4. A presentación da oferta presupón a aceptación incondicionada das bases de concorrência previstas nesta orde.

Artigo 9º.-*Resolución.*

Á vista da documentación presentada e do establecido nos artigos 2, 3, 4 e 5, por orde da conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, e por proposta da

comisión avaliadora nomeada para estes efectos, determinarase a entidade seleccionada que deberá subscribir convenio de colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, logo da aplicación dos criterios de avaliación sinalados. Esta selección publicarase no *Diario Oficial de Galicia* para xeral coñecemento por parte dos interesados.

A duración do convenio de colaboración será a que se determine no propio texto do convenio e, en todo caso, ata o remate do prazo máximo de concesión deste tipo de axudas previsto no Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP).

O prazo para ditar esta resolución de selección da entidade colaboradora será como máximo de tres meses, contados desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional

En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, de contratos das administracións públicas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2008.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Resolución do 13 de marzo de 2008 pola que se aproba o Plan de xestión de recursos piscícolas de tres tramos da bacía do río de Rois, no concello de Rois, na provincia da Coruña.

De conformidade co disposto no artigo 68 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado polo Decreto 130/1997, do 14 de maio, o Servizo Provincial de Conservación da Natureza da Coruña iniciou o expediente de aprobación do Plan de xestión de recursos piscícolas dos seguintes tramos da bacía do río de Rois, situados no concello de Rois:

-Curso principal do río de Rois:

Límite superior: xunta do rego de Buxán co río Valeirón ou Liñares.

Límite inferior: desembocadura no río Sar.

Lonxitude aproximada: 3,2 km.

-Río Valeirón ou Liñares:

Límite superior: desembocadura do rego do Ribeiriño.

Límite inferior: xunta co rego de Buxán.

Lonxitude aproximada: 3,1 km.

-Rego de Buxán:

Límite superior: desembocadura do rego do Vispeiro.

Límite inferior: xunta co río Valeirón ou Liñares.

Lonxitude aproximada: 3,1 km.

Fundamentos xurídicos.

A tramitación do expediente de aprobación do Plan de xestión de recursos piscícolas dos tramos da bacía do río de Rois antes citados axustouse ao establecido na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e ao Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Concretamente, na elaboración deste Plan de xestión de recursos piscícolas foron oídos o comité provincial de pesca fluvial da Coruña e o comité galego de pesca fluvial, os cales emitieron informe favorable sobre a aprobación do devandito plan.

Con suxeición ao establecido no artigo 68 do Decreto 137/1997, do 14 de maio, o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano competente para a aprobación do Plan de xestión de recursos piscícolas dos tramos da bacía do río de Rois que se sinalan nos antecedentes.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Aprobar o Plan de xestión de recursos piscícolas dos tramos da bacía do río de Rois que se sinalan nos antecedentes.

O contido íntegro deste plan poderá consultarse nas dependencias da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas en San Lázaro, s/n, en Santiago de Compostela.

Contra esta resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes, ou directamente o recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo